

Consello de Contas
de Galicia



**INFORME DE FISCALIZACIÓN DA
RENDICIÓN DA CONTA XERAL
ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA**

EXERCICIO 2017

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN.....	3
I.1 OBXECTO E TIPO DE FISCALIZACIÓN.....	3
I.2 INICIATIVA DA FISCALIZACIÓN.....	3
I.3 OBXECTIVOS.....	3
I.4 ÁMBITO DA FISCALIZACIÓN.....	4
I.5 NORMATIVA LEGAL.....	4
II. CONCLUSIÓNS	6
II.1 RESPONSABILIDADE DO ENTE FISCALIZADO.....	6
II.2 RESPONSABILIDADE DO CONSELLO DE CONTAS	6
II.3 CONCLUSIÓNS SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE.....	6
II.4 CONCLUSIÓNS SOBRE O SECTOR PÚBLICO DE GALICIA.....	6
II.5 CONCLUSIÓNS SOBRE A RENDICIÓ DAS CONTAS XERAIS.....	7
II.5.1 Sobre a presentación das contas xerais.....	7
II.5.2 Sobre a non aprobación da Conta Xeral.....	8
II.5.3 Sobre o cumprimento do ciclo orzamentario.....	9
II.5.4 Sobre o contido das contas xerais.....	9
III. RECOMENDACIÓNS	10
IV. CONSULTA WEB DA INFORMACIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA	10
V. RESULTADO DOS TRABALLOS	13
V.1 SECTOR PÚBLICO LOCAL DE GALICIA.....	13
V.1.1 Entidades locais de Galicia	13
V.1.2 Poboación.....	15
V.2 RENDICIÓ DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2017	17
V.2.1. Análise da obriga de rendición	17
V.2.2. Entidades que non renden a conta xeral	19
V.2.3 Entidades que remitiron as contas anuais	21
ANÁLISE DAS DEFICIENCIAS QUE PRESENTAN AS CONTAS	27
III.2.1 Deficiencias nos prazos de tramitación.....	27
ANEXOS	31

ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1 Entidades locais de Galicia.....	13
Cadro 2 Distribución da poboación de Galicia.....	15
Cadro 3 Evolución relativa da poboación nos concellos de Galicia (Exercicio 2006 base 100)	16
Cadro 4 Detalle da rendición de contas	19
Cadro 5 Entidades que non remiten a conta xeral.....	19
Cadro 6 Detalle do resto de entidades que non renden a conta xeral en 2016 e anteriores.....	20
Cadro 7 Detalle da remisión por datas clave	22
Cadro 8 Entidades que remiten documentación con defectos que implican a non rendición	23
Cadro 9 Relación de entidades que omiten outra documentación esencial.....	24
Cadro 10 Entidades que renden en prazo	25
Cadro 11 Entidades que renden fóra de prazo	25
Cadro 12 Incumprimento dos prazos de tramitación da Conta xeral	27
Cadro 13 Incidencias de coherencia máis significativas.	28

ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1 Poboación nos concellos galegos. Distribución.....	15
Gráfico 2 Poboación nos concellos galegos. Evolución relativa	16
Gráfico 3 Resumo das contas remitidas por exercicio	26

ANEXOS

Anexo 1 Entidades que renden a conta xeral	33
Anexo 2 Entidades que remiten a conta xeral	41
Anexo 3 Entidades que non renden a conta xeral	42

SIGLAS

BOE	Boletín Oficial do Estado
DOG	Diario Oficial de Galicia
TRLRFL	Texto Refundido da Lei reguladora das facendas Locais

I. INTRODUCCIÓN

I.1 OBXECTO E TIPO DE FISCALIZACIÓN

A Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia inclúe no seu artigo 2.1 b) dentro do sector público da Comunidade Autónoma ás entidades locais e os entes ou organismos, calquera que sexa a súa forma xurídica, dependentes ou controlados directa ou indirectamente por aquelas.

A presente fiscalización horizontal ten o carácter de fiscalización de cumprimento, pois centrase en determinar se as entidades locais de Galicia cumpren coas obrigas de formación e rendición da súa conta xeral nos prazos establecidos na normativa reguladora.

I.2 INICIATIVA DA FISCALIZACIÓN

Esta fiscalización está incluída no Plan anual de traballo do Consello de Contas para o exercicio 2019 e ten a súa orixe no mandato legal da Lei 6/1985, do 24 de xuño. Dita norma, no seu artigo 2.1 b), inclúe dentro do sector público da Comunidade Autónoma ás entidades locais e os entes ou organismos, calquera que sexa a súa forma xurídica, dependentes ou controlados directa ou indirectamente por aquelas.

No artigo 25 da Lei 6/1985 faise referencia a esta fiscalización das contas das entidades locais, indicando que as entidades locais deberán remitir as contas de cada exercicio directamente ao Consello de Contas, sendo a data límite para efectuar a devandita remisión a mesma que a lexislación estatal reguladora das facendas locais estableza para a remisión das súas contas de cada exercicio ao Tribunal de Cuentas. Na redacción vixente no actual exercicio fiscalizado do artigo 223 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais TRLRFL, a sinalada data queda establecida antes do 15 de outubro do ano seguinte ao que se refiran as contas.

I.3 OBXECTIVOS

Como obxectivos da fiscalización establecéronse os seguintes:

1. Analizar o censo do sector público local de Galicia, para dar información das entidades locais e entes dependentes que o forman.

2. Analizar o grao de cumprimento da obriga que teñen as entidades locais de Galicia de render as súas contas ao Consello de Contas de Galicia antes do 15 de outubro do exercicio seguinte ao que se refiren as mesmas e proceder á súa clasificación nas seguintes categorías:
- a. Conta rendida en prazo, que inclúe aquelas contas recibidas con toda a documentación requirida antes do día 15 de outubro de 2018.
 - b. Conta rendida fóra de prazo, que inclúe aquelas contas recibidas con toda a documentación requirida con posterioridade ao día 14 de outubro de 2018.
 - c. Contas recibidas sen a acreditación da aprobación da mesma polo Pleno da entidade local, defecto que comporta a consideración de conta non rendida.
 - d. Contas recibidas con defectos na documentación requirida de tal natureza que comportan a consideración de contas non rendidas. Os defectos consisten basicamente na omisión da documentación complementaria da conta xeral esixida polo TRLRFL, é dicir, certificacións bancarias e actas de arqueo, así como as memorias xustificativas do custo e rendemento dos servizos públicos e demostrativas do grao de cumprimento dos obxectivos programados.

I.4 ÁMBITO DA FISCALIZACIÓN

O ámbito subxectivo está constituído polas entidades locais de Galicia e os entes ou organismos, calquera que sexa a súa forma xurídica, dependentes ou controlados directa ou indirectamente por aquelas.

O ámbito obxectivo abarca a análise da formación e rendición da conta xeral das entidades locais.

O ámbito temporal refírese ao exercicio 2017. Sendo a rendición de contas un proceso aberto no tempo, no que non existe un límite temporal que peche o proceso de rendición, estableceuse como data de límite de recepción das contas xerais aos efectos da análise que figura no presente informe o 1 de abril de 2019.

I.5 NORMATIVA LEGAL

As disposicións reguladoras dos aspectos referentes á actividade económico-financeira, orzamentaria e contable das entidades locais durante o período examinado son as seguintes:

- Lei 7/1985 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), BOE número 80 do 3 de abril de 1985. Rect. BOE número 139 do 11 de xuño de 1985.
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o TRLRFL, BOE número 96 do 24 de abril de 1986.
- Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das facendas locais, actualmente RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo; (TRLRFL), BOE número 57 do 9 de marzo de 2004.
- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais en materia de orzamentos, BOE número 101 do 27 de abril de 1990.
- Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 3 de setembro de 2008, pola que se establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais. BOE número 297 do 10 de decembro de 2008.
- Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local. BOE número 237 do 3 de outubro.
- Orde HAP/1782/2013, do 20 de setembro pola que se aproba a Instrución do modelo simplificado de contabilidade local e se modifica a Instrución do modelo básico de contabilidade local aprobado pola Orde EHA/4040/2004 do 23 de novembro.
- Lei 5/1997, do 22 de xuño, da Administración local de Galicia, DOG. número 149 do 5 de agosto de 1997.
- Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia. DOG número 130 do 9 de xullo de 1985.
- Resolución do 27 de febreiro de 2017, pola que se dispón a publicación do Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas de Galicia. DOG. número 46 do 7 de marzo de 2017.
- Resolución do 1 de xuño de 2016 pola que se fai público o acordo do pleno na súa sesión do 31 de maio de 2016 polo que se aproba a Instrución que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición. DOG. número 112 do 14 de xuño de 2016.
- Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

II. CONCLUSIÓNS

II.1 RESPONSABILIDADE DO ENTE FISCALIZADO

Os diferentes órganos municipais deben garantir que as actividades, operacións orzamentarias e financeiras e a información reflectidas nos seus estados financeiros resultan conformes coas normas aplicables. Así mesmo son responsables do sistema de control interno que consideren necesario para garantir que a actividade revisada estea libre de incumprimentos legais e de incorreccións materiais debidas a fraude ou erro.

II.2 RESPONSABILIDADE DO CONSELLO DE CONTAS

A responsabilidade do Consello de Contas de Galicia é a de expresar unha opinión sobre o cumprimento da legalidade aplicable á rendición da información das entidades locais incluídas no ámbito subxectivo deste informe.

Para alcanzar os obxectivos establecidos para este informe realizouse unha análise da documentación remitida pola entidade fiscalizada a través da plataforma de rendición, de conformidade cos Principios fundamentais de fiscalización das Institucións Públicas de Control Externo. Esta normativa esixe que o cumprimento dos requirimentos de ética, así como a planificación e execución da auditoría co fin de obter unha seguridade razoable de que as actividades revisadas, operacións orzamentarias e financeiras e a información reflectidas nos seus estados financeiros resulten, en todos os aspectos significativos, conformes coa normativa aplicable.

II.3 CONCLUSIÓNS SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEGALIDADE

A evidencia de auditoría obtida proporciona una base adecuada e suficiente para fundamentar unha opinión con salvidades sobre o cumprimento de determinadas obrigas legais e regulamentarias e sobre o contido da Conta Xeral das entidades locais. As conclusións obtidas resúmense no apartado II.4 e II.5 deste informe.

II.4 CONCLUSIÓNS SOBRE O SECTOR PÚBLICO DE GALICIA

1. O sector público local galego está integrado por 361 entidades principais (313 concellos, 4 Deputacións, 35 Mancomunidades e 9 Entidades Locais Menores), ao que se engaden 17 organismos autónomos, 14 consorcios, 23 sociedades mercantís e 2 fundacións, acadando a cifra total de 417 entidades.

2. No exercicio 2017 os cambios máis significativos no censo de entidades locais prodúcense pola fusión dos Concellos de Cerdedo e Cotobade, que se disolven creándose o novo Concello de Cerdedo-Cotobade.

3. No exercicio 2017 redúcese en 5 o número total de entidades dependentes das entidades locais de Galicia. O 22 de marzo de 2010 o Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas aprobou o Acordo marco para a sustentabilidade das finanzas públicas autonómicas e locais, no que se plasman unha serie de compromisos orzamentarios co obxectivo de avanzar no plano de axuste estrutural do conxunto das Administracións Públicas, que inclúe, entre outras medidas, a adopción de medidas de supresión ou transformación de entes dependentes.

4. Tres mancomunidades (Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria da Baixa Limia, Mancomunidade Ribeira Sacra e Mancomunidade de Xallas-Tines-Tambre), declaran non ter actividade, situación que se repite dende o exercicio 2005. Por outra parte, a mancomunidade Río Ouro afirma estar en proceso de disolución. Xustifican deste xeito a non rendición da súa Conta Xeral. A este respecto, os artigos 209 e 212 do TRLRFL impoñen de modo incondicional a todas as entidades locais a obrigaón de formar e render a súa Conta Xeral, de xeito que dende a súa constitución e ata a disolución definitiva, con perda da súa personalidade xurídica, persiste a obrigaón de formar, aprobar e render anualmente as contas destas entidades.

II.5 CONCLUSIÓNS SOBRE A RENDICIÓ N DAS CONTAS XERAIS

II.5.1 SOBRE A PRESENTACIÓ N DAS CONTAS XERAIS

5. A 1 de abril de 2019 un total de 341 entidades locais de Galicia tiñan presentado ao Consello de Contas a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2017, o que supón unha porcentaxe de cumprimento do 94,46% sobre o total do sector local galego. Dese total, 307 corresponden a concellos (o que representa un 98,08% do total destes), 4 a Deputacións Provincias (100% do total destas), 7 a entidades locais menores (77,78% do total) e as 23 restantes a mancomunidades (o que representa o 65,71% do seu total).

6. O 67,31% das entidades locais (243 en número) presentaron as súas contas no prazo establecido na normativa, cifras que son peores as obtidas no exercicio anterior no que se recibiron 260 contas en prazo. O 24,93% das entidades (90 entidades) presentan a súa conta xeral fóra de prazo, cifras que supoñen un aumento de 6 contas fóra de prazo con respecto as recibidas no exercicio anterior.

7. O 2,22% das entidades locais (os concellos de Carballeda de Avia, Ferrol, Piñor, Ponte Caldelas, Pontedevea e Triacastela, así como a mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza e a mancomunidade Terras de Celanova) presentan a súa conta xeral con defectos considerados como graves polo Consello de Contas, o que impide a súa consideración como conta rendida. Destas 8 entidades, 2 presentan a súa Conta Xeral sen que conste a aprobación da mesma polo pleno da Corporación Local (concellos de Ferrol e Piñor); as 6 contas xerais restantes presentan defectos relativos á non presentación das certificacións dos saldos bancarios ou erros de coherencia nas contas anuais.

8. Vinte entidades locais (5,54% do total) non tiñan presentado a súa Conta Xeral á data de peche deste informe (1 de abril do 2019). Desta cifra, 6 son concellos (A Rúa, Nigrán, Os Blancos, Rois, Sarria e Verín), 2 entidades locais menores (Arcos da Condesa e Bembrive) e as 12 restantes mancomunidades (Aguas de Rua-Petin, Augas dos Concellos de Carnota e Muros, Comarca Compostela, Comarca Fisterra, Concellos do Tambre, Intermunicipal Voluntaria da Baixa Limia, Ribeira Sacra, Río Ouro, Servicios Vertedoiro de Residuos Sólidos Urbanos de Pontevedra e Sanxenxo, Terras do Navea-Bibeí, Voluntaria de Municipios da Comarca de Arousa, Xallas-Tines-Tambre). Ademais, seguen pendentes de recibirse 11 contas xerais correspondentes ao exercicio 2016, 10 contas correspondentes ao exercicio 2015 e 14 contas xerais do exercicio 2014, con importantes niveis de reiteración no incumprimento.

9. Das entidades que non renden, 9 mancomunidades incumpren sistematicamente coa obriga de rendición da conta xeral, resultado ademais que as de Augas dos Concellos de Carnota e Muros, e de Xallas-Tines-Tambre nunca renderon a súa conta xeral e as outras 7 non o fan dende 5 o máis exercicios.

Dende a aprobación do decreto 193/2011, do 6 de outubro, é requisito para a concesión de subvencións ás entidades locais que aprobe a Xunta de Galicia que as mesmas cumpriran co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio. Esta regulación é insuficiente e precisa ser modificada para garantir o cumprimento ao 100% do deber de rendición da conta xeral.

II.5.2 SOBRE A NON APROBACIÓN DA CONTA XERAL

10. Un total de 2 entidades remiten a conta xeral sen que conste a aprobación da mesma polo pleno da entidade local (Concellos de Ferrol e Piñor), omisión que leva a considerar a rendición da conta como documentación recibida con defectos de tal natureza que impiden a súa consideración como conta rendida. A non aprobación da conta xeral é unha decisión política, e

como tal será o Pleno da Corporación o responsable das posibles consecuencias que poida ter para o concello, xa que por estar cualificada a aprobación da conta xeral como acto esencial, a omisión deste trámite implica a consideración de conta non rendida.

II.5.3 SOBRE O CUMPRIMENTO DO CICLO ORZAMENTARIO

11. Resulta relevante o incumprimento xeneralizado dos prazos relativos á formación e tramitación da conta xeral. Tan só 96 entidades (28,15% das entidades que remitiron a conta xeral) aproban o seu orzamento en prazo, o que desvirtúa a súa natureza de documento para o debate no deseño das políticas públicas, sistema de información para a xestión económica do goberno e documento para a mellora sistemática das diferentes políticas a través da avaliación dos resultados obtidos. E son 243 entidades (71,26% do total de entidades que remitiron a conta xeral) as que aproban a súa conta xeral antes do 1 de outubro do exercicio 2018, tal como esixe o TRLRFL.

II.5.4 SOBRE O CONTIDO DAS CONTAS XERAIS

12. Das 341 entidades que presentaron a conta xeral, requiriuse a 16 delas para emendar os defectos considerados como graves, o que se produciu en 8 ocasións. Quedaron como principais deficiencias pendentes de corrixir a aprobación da conta xeral dos Concellos de Ferrol e Piñor, a presentación das certificacións dos saldos bancarios dos Concellos de Triacastela, Pontedevea e das mancomunidades de Concellos Serra do Barbanza e mancomunidade Terra de Celanova, importantes erros de coherencia nos estados contables dos Concellos de Triacastela e Pontecaldelas así como a remisión da conta do consorcio do Noroeste, adscrito ao Concello de Carballeda de Avia.

13. O número de incidencias de coherencia que presentan as contas xerais, en comparación cos exercicios anteriores, experimenta unha lixeira redución, pasando 215 incidencias detectadas no exercicio 2016 ás 204 do exercicio 2017.

14. As comprobacións efectuadas sobre a coherencia das contas xerais reflicten que a incidencia máis frecuente é a non coincidencia do efectivo e dos activos líquidos do estado de fluxos de efectivo e os fondos líquidos do estado de remanente de tesourería, o que se produce en 125 ocasións (36,66% das contas recibidas). Igualmente 32 entidades non presentan unha estimación do importe de dubidoso cobro no estado de remanente de tesourería.

Todos estes defectos foron comunicados ás entidades correspondentes coa solicitude de emenda para exercicios posteriores.

III. RECOMENDACIÓNS

1. As entidades locais deben prestar maior atención á formación e tramitación da conta xeral dentro dos prazos establecidos pola normativa orzamentaria, en especial no relativo a elaboración e aprobación do orzamento na súa condición de instrumento de planificación, deseño, debate e avaliación das políticas públicas.
2. As entidades locais de Galicia deben proceder, con carácter previo á remisión telemática da conta xeral ao Consello de Contas a través da Plataforma de Rendición de Contas, ao análise e xustificación das incidencias detectadas, así como posteriormente á subsanación das mesmas cando así lle sexa solicitado polo Consello de Contas de Galicia.
3. As entidades locais que ostenten a Presidencia das tres mancomunidades que indican carecer de actividade (Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria da Baixa Limia, Mancomunidade Ribeira Sacra e Mancomunidade de Xallas-Tines-Tambre) deben iniciar o procedemento de disolución definitiva e cancelación da súa inscrición no rexistro de Entidades Locais das mesmas.
4. Como medida para o fomento do cumprimento da obriga de rendición de contas, recoméndase a modificación do decreto 193/2011, de xeito que se condicione a concesión de subvencións financiadas integramente con fondos propios da comunidade autónoma as entidades locais de Galicia a que estas estean ao día no deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais dos últimos 4 exercicios, tanto das contas xerais propias como das entidades nas que participen (mancomunidades ou consorcios) e que estean suxeitas a esta obriga de rendición.

IV. CONSULTA WEB DA INFORMACIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA

Toda a información de detalle relativa á rendición de contas está dispoñible para a súa consulta na páxina web do Consello de Contas de Galicia (<http://www.consellodecontas.es/es>), información navegable mediante a utilización dos filtros que se poñen a disposición do usuario, e que se estrutura nas seguintes seccións:

- Resumo xeral da rendición: cadro de mando que ofrece unha visión xeral da rendición da conta xeral do exercicio seleccionado.
- Estado da rendición do sector local de Galicia: información de detalle da rendición da conta xeral seleccionada. Pódese seleccionar unha entidade e un exercicio, unha entidade e varios exercicios, varias entidades e varios exercicios ou calquera outra combinación dispoñible cos filtros.

- Evolución da rendición: resumo xeral da evolución do cumprimento da obriga de render as contas xerais ao longo dos exercicios.

V. RESULTADO DOS TRABALLOS

V.1 SECTOR PÚBLICO LOCAL DE GALICIA

V.1.1 ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA

O sector público local de Galicia organízase conforme ao establecido na Lei 7/1985 de abril, reguladora das Bases do réxime local (LRBRL), do 3 de abril de 1985 e Lei 5/1997, do 22 de xuño, da Administración Local de Galicia, e está integrada polos seguintes entes:

- Concellos e provincias, que ostentan a condición de entidades locais territoriais.
- Áreas metropolitanas, mancomunidades de concellos, consorcios locais e entidades locais menores, que ostentan a condición de entidades locais non territoriais.

As entidades locais existentes a 31 de decembro de 2017 e os organismos creados polas mesmas para a prestación dos seus servizos eran as seguintes:

Cadro 1 Entidades locais de Galicia

TIPO ENTIDADE LOCAL	Nº	TIPO ENTIDADE LOCAL DEPENDENTE				TOTAL	EXERCICIO ANTERIOR
		OOAA	Consortios	Sociedades mercantís	Fundacións		
Total Concellos	313	15	8	21	2	359	365
Concello tr 1-Máis de 50.000 habitantes	7	5	2	9	2	25	26
Concello tr 2-De 20.001 a 50.000 habitantes	15	4	1	2		22	22
Concello tr 3-De 10.001 a 20.000 habitantes	33	6	1	5		45	48
Concello tr 4-De 5.001 a 10.000 habitantes	57			2		59	59
Concello tr 5-Menos de 5.000 habitantes	201		4	3	0	208	210
Deputacións	4	2	6	2		14	13
Resto Entidades	44	0	0	0	0	44	44
Entidade Local Menor	9					9	9
Mancomunidade	35					35	35
TOTAL	361	17	14	23	2	417	422

Comparando os datos cos do exercicio 2016, obsérvase que as variacións que se producen son as seguintes:

V.1.1.1 Entidades Principais

Os cambios máis significativos son:

- A fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade (causando baixa no tramo de poboación

- 5) creándose o novo Concello de Cerdedo-Cotobade que ten como poboación a suma da poboación dos fusionados, integrándose no tramo 4 de poboación.
- O Concello de Xinzo de Limia cambian de tramo de poboación por perda da mesma, pasando do tramo de poboación 3 ao tramo 4.
 - O Concello de Cerceda cambian de tramo de poboación por perda da mesma, pasando do tramo de poboación 4 ao tramo 5.
 - Indican non ter actividade un total 3 mancomunidades (Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria da Baixa Limia, Mancomunidade Ribeira Sacra e Mancomunidade de Xallas-Tines-Tambre), situación que se repite dende o exercicio 2005. Por outra parte, a mancomunidade Río Ouro afirma estar en proceso de disolución.

En relación con este feito, cómpre indicar que os artigos 209 e 212 do TRLRFL imponen de modo incondicional a todas as entidades locais a obriga de formar e render a súa conta xeral. Polo tanto, dende o momento da súa constitución e ata a disolución definitiva, con perda da súa personalidade xurídica, persiste a obriga de formar, aprobar e render anualmente as contas destas entidades.

V.1.1.2 Entidades dependentes

As variacións que se producen traen por causa as seguintes:

- A disolución de 3 organismos autónomos: Instituto Municipal de Deportes do Concello de Pontevedra, Nuestra Señora del Carmen do Concello de Sarria e Patronato Municipal de Deportes do Concello do Carballiño.
- A disolución do Consorcio Conca do Lérez adscrito ao Concello de Cerdedo-Cotobade.
- A disolución da fundación Asociación para a promoción territorial montaña do Courel, asociada ao Concello de Quiroga.

Obsérvase como no exercicio 2017 basicamente se mantén o número total de entidades dependentes das entidades locais de Galicia, aínda que o 22 de marzo de 2010 o Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas aprobou o Acordo marco para a sustentabilidade das finanzas públicas autonómicas e locais, no que se plasman unha serie de compromisos orzamentarios co obxectivo de avanzar no plan de axuste estrutural do conxunto das Administracións Públicas, que inclúe, entre outras, a adopción de medidas de supresión ou transformación de entes dependentes.


V.1.2 POBOACIÓN

A poboación a 1 de xaneiro de 2017 dos 313 concellos de Galicia, segundo datos do censo oficial, ascendía a 2.708.339 habitantes. No seguinte cadro amósase o número de concellos polos tramos de poboación establecidos para obter as conclusións deste informe:

Cadro 2 Distribución da poboación de Galicia

ESTRATO POBOACIONAL	Nº	DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL				POBOACIÓN	%	VARIAC. 2005/2016
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA			
1-Máis de 50.000 habitantes	7	3	1	1	2	987.412	36,46%	-0,04%
2-De 20.001 a 50.000 habitante	15	8	0	0	7	431.197	15,92%	0,11%
3-De 10.001 a 20.000 habitante	33	10	4	4	15	472.440	17,44%	-2,35%
4-De 5.001 a 10.000 habitantes	57	30	7	6	14	389.892	14,40%	2,46%
5-Menos de 5.000 habitantes	201	42	55	81	23	427.398	15,78%	-1,91%
TOTAL	313	93	67	92	61	2.708.339	100,00%	-1,72%

Gráfico 1 Poboación nos concellos galegos. Distribución



Analizada por provincias, as de A Coruña e Pontevedra acumulan o 76,16% da poboación total da Comunidade Autónoma, sendo a provincia de Ourense a máis despoboadada e a que máis poboación perde respecto do ano anterior.

Cadro 3 Distribución da poboación de Galicia por provincias


PROVINCIA	Nº	2013	2014	2015	2016	2017	% ANUAL	Variación
A Coruña	93	1.138.161,00	1.132.735,00	1.127.196,00	1.122.799,00	1.120.294,00	41,36%	-0,22%
Lugo	67	346.005,00	342.748,00	339.386,00	336.527,00	333.634,00	12,32%	-0,86%
Ourense	92	326.724,00	322.293,00	318.391,00	314.853,00	311.680,00	11,51%	-1,01%
Pontevedra	61	955.050,00	950.919,00	947.374,00	944.346,00	942.731,00	34,81%	-0,17%
TOTAL		2.765.940,00	2.748.695,00	2.732.347,00	2.718.525,00	2.708.339,00	100,00%	-0,37%

O 92,97% dos concellos de Galicia, 291 concellos, teñen unha poboación inferior a 20.000 habitantes, e en termos relativos, tomando como base a poboación do exercicio 2011, eses concellos perden poboación en beneficio dos concellos máis grandes de Galicia.

Cadro 4 Evolución relativa da poboación nos concellos de Galicia (Exercicio 2006 base 100)

Tramo Poboación	Nº	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	Variación
1-Máis de 50.000 habitantes	7	999.848	999.907	998.912	994.407	989.936	987.779	987.412	-0,04%
2-De 20.001 a 50.000 habitantes	15	430.576	430.871	431.358	431.272	430.602	430.712	431.197	0,11%
3-De 10.001 a 20.000 habitantes	33	509.859	520.369	498.202	496.470	484.804	483.811	472.440	-2,35%
4-De 5.001 a 10.000 habitantes	57	395.382	366.623	383.346	385.931	392.979	380.520	389.892	2,46%
5-Menos de 5.000 habitantes	201	459.757	463.728	454.122	440.615	434.026	435.703	427.398	-1,91%

Gráfico 2 Poboación nos concellos galegos. Evolución relativa



Polo tanto, o mapa municipal galego presenta unha elevada atomización que pode incidir de xeito directo e negativo na prestación de servizos municipais, e este problema agrávase pola reducida poboación da maior parte dos concellos e pola progresiva perda de poboación dos mesmos en beneficio dos concellos máis grandes.

V.2 RENDIÇÃO DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2017

V.2.1. ANÁLISE DA OBRIGA DE RENDIÇÃO

A fiscalización das contas das entidades locais inclúese no artigo 25 da Lei 6/1985, que sinala que as entidades locais deberán remitir as contas de cada exercicio directamente ao Consello de Contas, sendo a data límite para efectuar a devandita remisión a mesma que a lexislación estatal reguladora das facendas locais estableza para a remisión das súas contas de cada exercicio ao Tribunal de Cuentas.

O artigo 223 do TRLRFL impón ás entidades locais a obriga de render as súas contas antes do 15 de outubro de cada ano seguinte ao exercicio a que aquelas se refiren, establecendo o devandito TRLRFL e as diversas instrucións de contabilidade que determinan o seu contido, estrutura e normas de elaboración, que a Conta xeral da entidade local estará formada pola conta da propia entidade así como pola conta de todos os organismos e sociedades delas dependentes, ao que se engadirá como documentación complementaria:

- As actas de arqueo das existencias en caixa e as certificacións bancarias dos saldos existentes a fin de exercicio e, en caso de discrepancia, o oportuno estado conciliatorio.
- As memorias xustificativas do custo e rendemento dos servizos públicos, e demostrativas do grao de cumprimento dos obxectivos programados, ás que se refire o artigo 211 do TRLRFL.

O artigo 209.4 do TRLRFL e regras 48.2, 89.2 e 31.6 das Instrucións dos modos normal, simplificado e básico respectivamente, indican que corresponde ao pleno da Corporación Local determinar se se unen á conta xeral os estados integrados e consolidados das distintas contas, resultando que a devandita consolidación non ten lugar, o que introduce incerteza na análise da información contable subministrada.

Igualmente, as regras 51.3, 52.3 e 24 das Instrucións dos modos normal, simplificado e básico respectivamente, indican que cando os órganos de control externo teñan establecidos procedementos de envío a través de medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, a rendición da conta xeral deberá axustarse aos requisitos e especificacións técnicas establecidas polos mesmos.

Neste sentido, dende o exercicio 2011 o Consello de Contas está adherido á Plataforma de Rendición de Contas das Entidades Locais, aplicación web xestionada polo Tribunal de Cuentas e

a maioría dos Órganos de Control Externo conforme aos convenios subscritos para estes efectos.¹ Esta aplicación é a canle para a remisión telemática e en formato electrónico das contas xerais das entidades locais, debendo precisarse que a estrutura e contido dos documentos que integran as contas anuais deben respectar o establecido nas diferentes Instrucións de contabilidade local, razón pola que a Intervención Xeral da Administración do Estado, órgano directivo da contabilidade pública de España, aprobou en data 13 de novembro de 2015 unha resolución que define o modelo normalizado da conta xeral das entidades locais en soporte informático para a súa rendición.

En consecuencia, o Consello de Contas estableceu un procedemento para o envío das contas xerais a través de medios electrónicos, informáticos ou telemáticos mediante a Resolución do 1 de xuño de 2016 pola que se fai público o acordo do pleno na súa sesión do 31 de maio de 2016 polo que se aproba a Instrución que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición (DOG número 112 do 14 de xuño de 2016).

As contas das entidades locais de Galicia son rendidas exclusivamente a través desta Plataforma. Esta remisión dá lugar a unha anotación no rexistro telemático do Consello de Contas, e unha vez comprobada a súa autenticidade, integridade e coherencia comunícase o estado de rendición resultante a cada entidade para que coñeza o resultado das comprobacións efectuadas e, de ser o caso, proceda á corrección dos defectos observados. Esta actividade deu lugar a emisión de 467 comunicacións de estados de rendición.

Posteriormente, unha vez finalizado sobradamente o prazo de cumprimento desa obriga, e co obxectivo de incrementar as porcentaxes de cumprimento, o Consello de Contas de Galicia procedeu a requirir ás 93 entidades que tiñan a conta sen render a 29 de novembro de 2018.

Como resultado final, o cumprimento da obriga de rendición de contas², á data 1 de abril do 2019 resúmese como segue:

¹ Convenio do 27 de xuño de 2011, convenio que elimina esa dobre rendición ao recoñecer efectos para as dúas institucións da rendición de Contas que se leve a cabo a través da Plataforma Conxunta desenvolvida polo Tribunal de Cuentas e os OCEX.

² Nos cadros de análise da rendición elimínanse das comparacións aos consorcios, por estar dende o exercicio 2015 a súa conta xeral integrada na da entidade á que resultaron adscritos

Cadro 5 Detalle da rendición de contas

ENTIDADES	Censo		En prazo		Fóra prazo		Defectos en prazo		Defectos fóra prazo		Total Remitidas		Non remitidas	
	Nº	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	
Total Concellos	313	223	71,25%	78	24,92%	2	0,64%	4	1,28%	307	98,08%	6	1,92%	
1-Máis de 50.000 hab.	7	2	28,57%	4	57,14%	0	0,00%	1	14,29%	7	100,00%	0	0,00%	
2-De 20.001 a 50.000 hab.	15	7	46,67%	8	53,33%	0	0,00%	0	0,00%	15	100,00%	0	0,00%	
3-De 10.001 a 20.000 hab.	33	19	57,58%	11	33,33%	0	0,00%	0	0,00%	30	90,91%	3	9,09%	
4-De 5.001 a 10.000 hab.	57	36	63,16%	20	35,09%	0	0,00%	1	1,75%	57	100,00%	0	0,00%	
5-Menos de 5.000 hab.	201	159	79,10%	35	17,41%	2	1,00%	2	1,00%	198	98,51%	3	1,49%	
Deputación	4	4	100,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	4	100,00%	0	0,00%	
Entidade Local Menor	9	3	33,33%	4	44,44%	0	0,00%	0	0,00%	7	77,78%	2	22,22%	
Mancomunidade	35	13	37,14%	8	22,86%	1	2,86%	1	2,86%	23	65,71%	12	34,29%	
TOTAL	361	243	67,31%	90	24,93%	3	0,83%	5	1,39%	341	94,46%	20	5,54%	

V.2.2. ENTIDADES QUE NON RENDEN A CONTA XERAL

Un total de 20 entidades (5,54% do total) non remitiron a conta xeral. O detalle das mesmas figura nos anexos deste informe, e tamén se recolle nas páxinas que seguen ao analizar a rendición por tipos de entes.

Comparando os datos de non rendición de 2017 cos de exercicios anteriores –nos que non figuran os datos dos consorcios, como xa se indicou-, resulta o resume que segue agrupado por tipos de entidades:

Cadro 6 Entidades que non remiten a conta xeral

ENTIDADES	2014	2015	2016	2017
Concellos	0	0	0	6
3-De 10.001 a 20.000 habitantes	0	0	0	3
4-De 5.001 a 10.000 habitantes	0	0	0	3
5-Menos de 5.000 habitantes	6	0	0	0
Entidade Local Menor	0	0	1	2
Mancomunidade	8	10	10	12
TOTAL	14	10	11	20

Concellos

No exercicio 2017 os concellos que non renderon a súa conta xeral son os de Verín, Sarria, Nigrán, A Rúa, Os Blancos e Rois.

Como factores que inciden de xeito positivo no cumprimento xeneralizado da obriga de rendición

da conta xeral destaca tanto o establecido no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, que establece que será requisito para a concesión de subvencións que as entidades locais cumprisen o deber de remisión ao Consello de Contas da conta xeral de cada exercicio, ademais da regulación do envío das contas ao Consello de Contas por medio de procedementos electrónicos, así como da eliminación da dobre rendición da conta xeral das entidades locais que se produce polo convenio de colaboración entre o Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas de Galicia.

Resto de entidades

O incumprimento da obriga de rendición, para o resto de entidades, presenta un aumento das ETAIC que non renden a súas contas xerais e das mancomunidades.

Agora ben, das 12 mancomunidades que non renden, 3 carecen de actividade e outra está en proceso de disolución, o que sitúa o nivel de incumprimento para as mancomunidades operativas en 8.

Destaca así mesmo o nivel de reincidencia no incumprimento da obriga de render a conta que se produce nestes casos. As entidades que non renden a conta xeral incumpren de xeito reiterado con esta obriga.

Cadro 7 Detalle do resto de entidades que non renden a conta xeral en 2016 e anteriores

TIPO	NOME ENTIDADE	EXERCICIOS NON RENDIDOS			
Concello	Nigrán (Tr 3-De 10.001 a 20.000 habitantes)	2017	-	-	-
Concello	Sarria (Tr 3-De 10.001 a 20.000 habitantes)	2017	-	-	-
Concello	Verín (Tr 3-De 10.001 a 20.000 habitantes)	2017	-	-	-
Concello	A Rúa (Tr 5-Menos de 5.000 habitantes)	2017	-	-	-
Concello	Os Blancos (Tr 5-Menos de 5.000 habitantes)	2017	-	-	-
Concello	Rois (Tr 5-Menos de 5.000 habitantes)	2017	-	-	-
Entidade Local Menor	Arcos da Condesa	2017	-	-	-
Entidade Local Menor	Bembrive	2017	2016	-	-
Mancomunidade	Augas de Rúa Petín	2017	2016	2015	2014
Mancomunidade	Augas dos Concellos de Carnota e Muros	2017	2016	2015	2014
Mancomunidade	Comarca Compostela	2017	2016	2015	2014
Mancomunidade	Comarca Fisterra	2017	2016	-	-
Mancomunidade	Concellos do Tambre	2017	-	-	-
Mancomunidade	Intermunicipal Voluntaria da Baixa Limia	2017	2016	2015	2014
Mancomunidade	Ribeira Sacra	2017	2016	2015	2014
Mancomunidade	Río Ouro	2017	2016	2015	2014

TIPO	NOME ENTIDADE	EXERCICIOS NON RENDIDOS			
		2017	2016	2015	2014
Mancomunidade	Servicios Vertedoiro de Residuos Sólidos Urbanos de Pontevedra e Sanxenxo	2017	2016	2015	2014
Mancomunidade	Terras do Navea-Bibeí	2017	2016	2015	-
Mancomunidade	Voluntaria de Municipios da Comarca de Arousa	2017	-	-	-
Mancomunidade	Xallas-Tines-Tambre	2017	2016	2015	2014
Mancomunidade	Concellos do Morrazo	-	-	2015	-

Como se observa 9 mancomunidades incumpren sistematicamente coa obriga de rendición da conta xeral, resultado ademais que as de Augas dos Concellos de Carnota e Muros, e de Xallas-Tines-Tambre nunca renderon a súa conta xeral. As outras sete non renden as súa contas xerais dende o exercicio 2005 (Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria da Baixa Limia), 2009 (Mancomunidade Servicios Vertedoiro de Residuos Sólidos Urbanos de Pontevedra e Sanxenxo), 2011 (Mancomunidade Ribeira Sacra e Mancomunidade Río Ouro), 2012 (Mancomunidade Augas de Rúa Petín e Mancomunidade Comarca Compostela) e 2014 (Mancomunidade Terras do Navea-Bibeí).

En relación coas entidades carentes de actividade, cabe destacar que os artigos 208 e 212 do TRLRFL imponen de modo incondicional a todas as Entidades locais a obriga de render contas. Polo tanto, dende o momento da súa constitución e ata a disolución definitiva e cancelación da súa inscrición no rexistro de Entidades Locais, con perda da súa personalidade xurídica, persiste a obriga de formar, aprobar e render anualmente as contas destas entidades.

V.2.3 ENTIDADES QUE REMITIRON AS CONTAS ANUAIS

Dentro deste epígrafe inclúense 341 entidades (94,46% do total) que teñen presentado a conta anual correspondente ao exercicio 2017 ante o Consello de Contas. A análise desa documentación determina a súa clasificación nalgunha das seguintes categorías:

- Conta rendida en prazo (por cumprir a obriga de rendición en prazo -antes do 15 de outubro do ano seguinte- e forma debida).
- Conta rendida fóra de prazo (por cumprir en forma debida pero fóra de prazo).
- Conta recibida con defectos que comportan a consideración de conta non rendida, segundo se indica no epígrafe I.3.1 c) e d) deste informe.

A adecuada comparación deste número total de entidades que presentan a conta anual do exercicio 2017 con anos anteriores esixe ser realizada considerando datas clave, por ser a rendición un proceso aberto no tempo, no que non existe un límite temporal que peche o

proceso de rendición. Consideráronse como datas clave para analizar a evolución da presentación da conta anual as datas do 14 de outubro do ano seguinte ao que se refire a conta (por ser a fronteira entre presentación en prazo ou fóra de prazo), e o 31 de decembro do ano seguinte e posteriores ao que se refiren as contas, por ser fin de exercicio natural. E novamente elimínanse das comparacións aos consorcios, por estar dende o exercicio 2015 a súa conta xeral integrada na da entidade á que resultaron adscritos.

O resultado de clasificar o proceso de rendición de acordo con eses criterios amósase no cadro seguinte:

Cadro 8 Detalle da remisión por datas clave

CONTAS REMITIDAS (Por datas clave)					
EXERCICIO (N)	ATA 15/12/N+1	ATA 31/12/N+1	ATA 31/12/N+2	ATA 31/12/N+3	ATA 31/12/N+4
2006	86	204	326	336	348
2007	145	240	321	342	346
2008	116	215	334	346	346
2009	127	248	345	350	350
2010	205	286	354	354	355
2011	262	324	352	356	357
2012	285	331	354	355	355
2013	274	347	352	353	353
2014	268	342	353	354	354
2015	239	312	350	352	
2016	266	316	351		
2017	246	302	341 ³		

Este cadro amosa un peor comportamento do cumprimento do deber de rendición da conta xeral no exercicio 2017, sendo menor o número de entidades que o cumpren en prazo ou fóra de prazo. Destaca tamén o substancial incremento da rendición (39 entidades) que se produce entre o 31 de decembro do 2018 e a data de elaboración deste informe (1 de abril de 2019), motivado pola convocatoria dunhas liñas de subvencións por diversas consellerías da Xunta de Galicia ás entidades locais de Galicia e a esixencia nas bases da convocatoria dunha certificación que acredite que a remisión das contas ao Consello de Contas se efectuou antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes, en liña co decreto 193/2011.

Polo tanto, semella que os efectos positivos do Decreto 193/2011 na rendición de conta van perdendo eficacia co paso do tempo, podendo ser máis eficaz a estes efectos que o mesmo

³ Datos de rendición a 1 de abril do 2019

condicionase a concesión de subvencións financiadas integramente con fondos propios da comunidade autónoma as entidades locais de Galicia a que estas estivesen ao día no deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de todos os exercicios, tanto das contas xerais propias como das entidades nas que participen (mancomunidades ou consorcios) e que estean suxeitas a esta obriga de rendición.

Entidades que remiten documentación con defectos que implican a consideración de non rendición

